

VORTEX

Gaspar Noé, 2021

977

ESTREA EN NUMAX: 29.07.2022 | V.O.S.E. | +12

A historia segue a unha parella de anciáns. El ten problemas de corazón e ela padece Alzheimer. Unha ollada próxima á realidade deste matrimonio que trata de facer fronte ás súas enfermidades e ao paso do tempo

«O traballo máis sensible e accesible dun director ao que rara vez lle cadran estes calificativos»

Eric Kohn, INDIEWIRE



Entrevista con Gaspar Noé: «Estaba rodeado de morte»

Por Carlos Aguilar

Por que sentiches que o recurso da pantalla partida funcionaría en Vortex?

En xaneiro do ano pasado, volví de visitar o meu pai en Arxentina e os meus produtores franceses propuxéronme facer un filme de confinamento. Os filmes de confinamento son esas producións que contan con un ou dous actores nun só apartamento porque non se podía rodar nas rúas. Dixen: “Teño unha idea. É sobre unha parella maior. Podemos facela usando pantalla partida. Veremos a vida dos dous. Gravarémola con dúas cámaras.”

A nivel emocional, como cres que lle afecta este formato de perspectiva múltiple á percepción da súa relación?

Os dous personaxes están dentro dunha burbulla. Desde un punto de vista emocional, penso que é moi claro, moi transparente, moi evidente o que está pasando. Viven un co outro baixo o mesmo teito, pero están claramente desconectados. Comparten o espazo, comparten as accións, discuten, pero están só dentro das súas burbullas e as súas burbullas son cadradas porque cada unha delas ten un ratio de 1.20:1. Viven vidas separadas que están absolutamente conectadas. Pero na vida é así.

Ao comezo de 2020 tiveches un problema grave de saúde. Inspirou ou moldeou esa situación as túas ideas para Vortex? Fixo que as nocións de morte e mortalidade pasasen a un primeiro plano para ti?

Foi un accidente repentino e breve. Tiven unha hemorraxia cerebral que non esperaba en absoluto. Un mes despois de que sucedera estaba fóra de perigo, pero puider morrer. Podería sufrir dano cerebral. Pero o que pasou xusto despois do accidente foi a chegada da covid a este planeta e o comezo do confinamento. Pasei case un ano enteiro vendo Blu-rays e DVDs na casa e fun moi feliz facéndoo. Redescubrín a alegría de ver filmes vendo melodramas xaponeses dos cincuentas, sesentas e setentas, como os de Naruse, Mizoguchi e Kinoshita.

Despois dun ano enteiro vendo clásicos xaponeses, comecei este filme cheo dese tipo de cinema. E ese tipo de cinema era moi maduro e moi cruel, pero tamén moi lacrimógeno. Tiña moitas ganas de dirixir un filme deste tipo. Ademais, perdera tres figuras paternas. O pai da miña noiva, o actor da miña primeira longametraxe, Philippe Nahon, de covid; e tamén o director que me dera o meu primeiro traballo como axudante de dirección, Fernando Solanas, que tamén era o pai do meu mellor amigo. Estaba rodeado de morte e tamén sabía moi ben como era a demencia porque a miña nai padeceuna durante oito anos antes da súa morte.

Hai un momento no filme no que soa a increíble “Gracias a la vida”. É un tema realmente perfecto para esta película.

Son arxentino, así que coñezo as dúas versións. A canción orixinal é de Violeta Parra, que era de Chile, e Mercedes Sosa tamén a canta, pero a versión do filme é a orixinal. Para min é unha das cancións máis tristes da historia. Cando a escoito choro case automaticamente. Unha vez rodamos a escena co neno pequeno golpeando os coches e a avoa chorando, pensei que era perfecta así, pero quería engadirlle algo de música de fondo. E dixeron: “A escena é tan triste que se poñemos “Gracias a la vida” a metade do público chorará.” Calquera persoa que fale español comeza a chorar porque é unha canción sobre alguén que lle dá as grazas á vida por todo o bo e por todo o malo.